

Para poder asignarles as bolsas ás persoas candidatas propostas, así como ás suplentes en caso de producirse vacantes, necesitamos coñecer as vosas preferencias de elección das empresas onde desexades realizar as prácticas.

Este documento recolle, de forma breve e paso a paso, como realizaremos todo o proceso.

Primeiro. Como contactamos?

A partir das 12:00 horas do 10/11/2017 poñerémonos en contacto con cada un de vós, tanto candidatos propostos titulares así como suplentes, e que figuran nos documentos de proposta de adxudicación de bolsas de cada un dos procesos selectivos. Farémolo mediante SMS ao número de teléfono que deixastes na vosa folla de solicitude.

O SMS facilitaravos un código único que permitirá identificarvos na nosa páxina web.

Segundo. O proceso web

Unha vez recibido o SMS e co código que vos facilitamos podedes acceder á nosa páxina web na seguinte enderezo:

www.depo.es/plan-de-practica-laboral-empresas-vacantes-2016/eleccion-de-destino

Paso 1. Como se mostra na captura 1 debédesvos identificar co código do SMS (6 caracteres alfanuméricos e sempre en maiúsculas), o voso **NIF** (número de identificación fiscal, 9 díxitos e 1 letra) e o código **CAPTCHA** que se facilita. Pulsando o botón '**Seguiente**' accedemos ao seguinte paso.



captura 1

Paso 2. Na web teredes acceso aos vosos datos. Na parte inferior, como se observa na captura 2, o sistema informaravos do proceso selectivo e o posto que ocupades á hora de elixir as preferencias de destino. Necesitamos que seleccionedes por orde de preferencia os destinos que vos interesan.

Datos personales

***Nombre** ***Primer apellido**

Segundo apellido ***DNI**

Información de contacto

***Tipo de vía** ***Nombre de la vía** ***Número** **Piso** **Puerta**

***Provincia** ***Localidad** ***Código postal**

***Teléfono móvil** **Teléfono fijo** ***Correo electrónico**

2016E001 - CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE

6 bolsas

Eres el becario número 6 de 12

Renuncio a la bolsa

1ª preferencia:

2ª preferencia:

3ª preferencia:

4ª preferencia:

5ª preferencia:

6ª preferencia:

captura 2


É importante saber:

- **Que o sistema vos avisará se duplicades algún destino.**
- **As preferencias que non seleccionedes considerarémolas renuncias.**
- **Se non estades interesados en ningún dos destinos podedes optar por marcar o cadro de 'Renuncio á bolsa' e deixarnos constancia da renuncia.**
- **Se non realizades o proceso completo consideraremos que se renuncia á bolsa.**

Para finalizar debes pulsar o botón **Enviar**.

Paso 3. O sistema enviará un SMS cun novo código ao voso teléfono móbil mediante o que verificaremos que sodes vós. Debédelo introducir no formulario tal como mostra na captura 3 e procedemos a finalizar o proceso co botón '**Enviar**'.

No voso correo teredes un documento como constancia das preferencias que seleccionastes.



Introduce o código que che acabamos de enviar por SMS

*Código

L80M5R

NOTA: Os campos marcados con * son obrigatorios

captura 3

Enviar

Terceiro. Finalizamos

O día 13/11/2017 ás 12.00 horas finalizaremos o proceso web e, de acordo ao previsto nas bases da convocatoria, procederemos á asignación de bolsas seguindo a orde do resultado do proceso selectivo e as preferencias que nos indicastes.

O resultado poderédelo consultar o día 14/11/2017 na nosa páxina, onde vos facilitaremos a asignación definitiva de bolsas poderedes consultar as preferencias de cada unha das persoas candidatas.

É importante saber: o proceso podédelo realizar tantas veces como queirades, nós só validaremos o último realizado de xeito completo.

Algunha dúbida?

- Se algún de vós cambiou o número que nos facilitastes na folla de inscrición ou, chegado o día 10/11/2017, non recibiu o SMS non vos preocupedes, podedes contactar connosco no número 986804100 e facilitarémovos o código de acceso.
- Se participastes en máis dun proceso selectivo e estades na lista de persoas candidatas recibiredes un SMS por cada un deles.